

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

EXTRACTO da Orde do 14 de xullo de 2022 pola que se convocan axudas para centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das bibliotecas escolares e o fomento da lectura para o curso 2022/23 (código de procedemento ED516B).

BDNS (Identif.): 645444.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarios*

Centros privados concertados interesados en participar nalguna das seguintes liñas de axuda:

a) Plan de mellora de bibliotecas escolares-concertados (continuación das axudas á actualización das bibliotecas escolares iniciadas en 2016 e incorporación ao Plan de mellora de bibliotecas escolares).

b) Clubs de lectura-concertados (vinculados á biblioteca escolar, que se realizarán fóra das aulas, é dicir, do tempo das materias) e destinados a alumnado de ensino secundario obrigatorio.

c) Radio na biblio-concertados (laboratorio de radio, vinculado á biblioteca escolar en centros xa integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares durante o curso 2021/22).

d) Biblioteca inclusiva-concertados (melloras para a accesibilidade concretadas no mobiliario, equipamento e colección das bibliotecas escolares de centros ordinarios que contan con unidades concertadas de educación especial).

e) Lectura e familias-concertados (vinculado á biblioteca escolar en centros xa integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares durante o curso 2021/22 para fomentar a participación das familias en actividades da biblioteca escolar).

CVE-DOG: igugbzt4-n6y1-v0u1-htp0-uccitsan17f10



Segundo. Bases reguladoras

Orde do 14 de xullo de 2022 pola que se convocan axudas para centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das bibliotecas escolares e o fomento da lectura para o curso 2022/23 (código de procedemento ED516B).

Terceiro. Obxectos e importes

A través desta orde preténdese seleccionar novos centros para a súa incorporación ao Plan de mellora de bibliotecas escolares, así como apoiar a continuidade deste programa mediante a concesión de novas contías aos centros educativos incluídos en anteriores convocatorias, sempre que a través do seguimento que se realiza desde a coordinación do programa, e moi especialmente a través da memoria correspondente ao curso 2021/22, acaden unha valoración positiva.

No caso dos centros concertados integrados en convocatorias anteriores que soliciten a súa continuidade, ademais deste requisito terase en conta a correcta xustificación da axuda recibida.

Da mesma forma, búscase seleccionar centros que desexen poñer en marcha o Programa de clubs de lectura (ensino secundario obrigatorio), Radio na biblio ou Lectura e familias (co requisito de ser un centro incluído no Plan de mellora de bibliotecas escolares no curso 2021/22). Así mesmo, adxudicaranse axudas a centros concertados ordinarios con aulas concertadas de educación especial, destinadas a melloras na biblioteca para lograr avances como biblioteca inclusiva.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2022

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

CVE-DOG: igugbzt4-n6y1-v0u1-htp0-uccitsan17f10

